



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CESANTES
21 DE XUÑO DE 2017

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación, se procede, da acta anterior**
- 2. Orzamentos participativos ano 2017**
- 3. Tráfico**
- 4. Rogos e preguntas**

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e cinco minutos, do día vinte e un de xuño de dous mil dezasete, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Francisco Muiños Barros, representante do PP
- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Francisco J. Táboas Carrera, representante de AER
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Beatriz Rodríguez Veiga, representante das asociacións culturais
- Carlos González Domínguez, representante das asociacións culturais
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais
- Arsenio Martínez Ricón, representante das entidades deportivas
- Mercedes Iglesias Bouzón, representante do colectivo do mar

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

Incidencias

Asiste o concelleiro de tráfico, Arturo González Barbeiro, para explicar o punto terceiro da orde do día.

1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.

Sométese a aprobación a acta da xuntanza de data 08.02.2017.

A petición de Leonardo Cabaleiro Couñago, elimínase a última línea do punto 5. Orzamentos participativos ano 2017.

Feita a anterior corrección, se aproba a acta por todos os membros presentes, agás o BNG que se abstén porque non asistira a esa xuntanza.

2. Orzamentos participativos ano 2017



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente expón que se falou con Fomento o da beirarrúa e serían sobre uns 9.000 ou 10.000 euros que non dan para moito, porque sería facer a beirarrúa, tuberías, pluviais,..., quedaría a medias e o permiso tardaría.

Por iso dende o Concello propoñen outro tema importante para Cesantes, facer o muro na estrada a praia de Cesantes ao lado do colexio de prescolar. Falaron cos propietarios e están de acordo en ceder o terreo se o Concello fai o muro.

O Presidente pregunta se están de acordo ou prefiren manter o que estaba acordado.

Leonardo Cabaleiro Couñago recorda que o PSOE non está de acordo co reparto lineal dos orzamentos. A parte diso, parécelle unha actuación moi importante.

Continúa dicindo que no Parlamento o PP votou non a proposición do PSOE sobre a mellora da seguridade na zona do colexio.

Ademais, quere deixar claro que os orzamentos participativos 2017 serán ou non según se aprobe ou non o Orzamento do Concello. Pide que se non se aproban que se fagan con cargo aos orzamentos do Concello.

O Presidente lle explica que o PP votou en contra porque quería engadir as estradas de Fomento e da Deputación de Pontevedra. O BNG dixo que non aceptaba esa proposta e por iso votaron en contra porque a seguridade afecta ás dúas estradas.

Anxo Lusquiños López indica que non están de acordo coa proposta de facer o muro.

Jorge Rodríguez Crespo manifesta, referente ao muro, que por parte do centro cultural se o muro é unha prioridade, necesidade, non teñen inconveniente en que eses cartos se destinen a facer o muro sempre que haxa compromiso do Concello de poñer a bionda en Zacande, solicitan que se poña a bionda e os canlóns na cultural.

O Presidente indica que a concelleira de vías e obras, M^a José Barciela, díxolle que non hai problema en colocar a bionda xa que non é un importe excesivo, e os canlóns tamén xa que o centro cultural é propiedade municipal.

Jorge Rodríguez Crespo di que se nos próximos orzamentos participativos se chega entre todos a un consenso e despois se solicita cambialos votarán que non están de acordo.

O Presidente volve preguntar se están de acordo.

Luis Antonio Medal Martínez di que é un tema importante que tería que consultalo coa directiva, non se sente responsable para dicir si ou non.

Leonardo Cabaleiro Couñago reitera que se non se aproban os orzamentos, o PSOE pide que faga o muro e a bionda, o Concello, dálles un prazo, senón presentarán unha moción.

Luis Antonio Medal Martínez indica que a forma de invertir está limitada, é pouco participativa.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente contesta que por iso se está intentando modificar o regulamento dos consellos parroquiais e poden presentar propostas.

Finalmente, todos están de acordo coa proposta coas matizacións recollidas na acta, agás o Anxo Lusquiños López, representante do BNG, que vota que non.

3. Tráfico

O Presidente explica que comparece o concelleiro de tráfico, Arturo González, para explicar este punto.

Arturo González Barbeiro explica que na baixada do camiño dos Castiñeiros hai unha liña continua que de vez en cando alguén a borra. Fomento son coñecedores da situación e van facer un seguimento.

O Concello propón tres alternativas: poñer a vía dun só sentido ou ascendente ou descendente ou limitala só aos residentes. Hai que buscar un consenso entre todos pero está claro que ningunha das alternativas é boa. O transmite no Consello para darlle publicidade entre toda a veciñanza e adoptar unha solución, a máis de informar da imprudencia que cometen moitos condutores ao cruzar a liña continua. Indica que os técnicos municipais xa se pronunciaron pero queren escoitar aos veciños que son os afectados.

Leonardo Cabaleiro Couñago, aproveitando que está o concelleiro de tráfico propón que se traia unha proposta de mellora do tráfico nesa zona, cando haxa algo máis avanzado.

Ademais, lle pregunta como está o tema en Santa Mariña.

Arturo González Barbeiro lle contesta que hai unha solicitude de modificación do aparcamento na estrada ao campo de fútbol en vez de en batería en liña. O xefe da Policía Local recomenda que se manteña así o estacionamento porque así os vehículos reducen a velocidade e hai máis aparcamentos. Este punto vaise levar á comisión de modificación do regulamento de tráfico.

Arsenio Martínez Ricón insiste na problemática desa zona, só hai un trozo de beirarrúa que non é continua, e ten que pasar un coche por outro. Pide que para reducir a velocidade adopten outras medidas.

Leonardo Cabaleiro Couñago lle pregunta ao concelleiro de tráfico se desde que se levou a moción ao Pleno o concello fixo algunha actuación sobre este tema.

Arturo González Barbeiro lle contesta que nese Pleno xa se informou que se ía levar a esa comisión para explicar porque se puxo así o estacionamento. Teñen unha solución integral de máis calado para toda esa zona que solucionaría moitos dos problemas que alí hai, non só o do aparcamento en batería, pero non pode dar máis detalles porque tamén está implicado Fomento, co que están facendo xestións para mellorar a seguridade e tráfico na zona.



CONCELLO DE REDONDELA

5. Rogos e preguntas

Anxo Lusquiños López lle pregunta ao concelleiro de tráfico porqué os semáforos estiveron 8-9 días sen funcionar.

Arturo González Barbeiro lle explica que foi pola tormenta, a incidencia do raio foi maior que outras veces, queimou todo o sistema de placas e houbo que reconstruílo dende cero, a reparación tivo unha dificultade maior, porque é unha peza feita a medida. Agora a empresa de mantemento reforzou a toma de terra con máis protección. Ademais indica que a reparación a pagou o Concello porque foi un caso de forza maior. E matiza que aínda que non había semáforos hai unha sinalización que hai que respetar.

Luis Antonio Medal Martínez lle pregunta ao concelleiro de tráfico quen regula o tema dos tempos dos semáforos porque na saída da farmacia non dá tempo a saír máis de tres coches.

Arturo González Barbeiro lle contesta que o regula Fomento teñen uns parámetros segundo o tráfico que hai. Vai preguntar en Fomento se hai marxe para darlle máis tempo.

Carlos González Domínguez lle pregunta ao concelleiro que se vai facer co tráfico na praia de Cesantes, aparcan en todos lados, nas beirarrúas, xardíns, etc. E comenta o tema da rotonda.

Arturo González Barbeiro indica que a única opción para os xardíns é poñer barreiras físicas que impidan o acceso. En relación coa rotonda indica que a diseñou Costas así, dá lugar a equivocacións e moita xente non se mete a dereita para saír, está de acordo que habería que variala.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.